

**Bouzavedra, en Salceda,
completará a súa rede
de saneamento**

Páxina VIII

**O BNG leva ao Parlamento
as irregularidades da
modificación do PXOM
de Mos**

Páxina IX

**Oia aproba a nova
denominación de 173
camiños e estradas**

Páxina XI

**En 2020 executarase a
humanización dun tramo
da rúa Colón de Tui**

Páxina XII

**Salceda estrea plan de
igualdade co novo ano**

Páxina IX



A Guarda regula os criterios estéticos para a súa Fachada Atlántica

Páxina XV



Pontellas ganou o Concurso de Rondallas “Concello do Porriño”

Páxina VII





Arbo *Pontearreas*

OPINIÓN

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

A memoria da Asociación Cultural de Vigo

Días atrás asistín a unha mesa redonda sobre a historia da Asociación Cultural de Vigo na que participaban Camilo Nogueira e Xosé L. Franco Grande, moderada por Ricardo Gurrarín, avezado investigador das máis agochadas páxinas da historia de Galicia.

Coincidían todos os tres, e algúns dos asistentes que participaron no debate, en sinalar á Asociación Cultural de Vigo como a máis dinámica das poucas que no seu xénero había en Galicia; O Galo (Santiago), Auriense (Ourense), O Facho (A Coruña) e Amigos da Cultura (Pontevedra). Eu tiven a sorte de estar practicamente desde o seu nacemento desenvolvendo iniciativas nos momentos de maior actividade combativa, que coincidiron coa miña militancia nacionalista.

Mentres escoitaba as intervencións do público lembraba, agora que o día 3 de decembro de 1970 comezaba en Burgos o consello de guerra contra militantes de ETA. O capitán Antonio Troncoso, natural de A Cañiza, que exerceu de fiscal non xurídico, personaxe de ideoloxía ultra e extravagante, pedira seis penas de morte, que logo serían conmutadas. Por aqueles días, nun golpe de audacia, como resposta

ao consello de guerra, ETA secuestraba a Eugen Beihl, cónsul honorario de Alemaña en Donostia, que foi levado polo comando a Iparralde, burlando ás forzas de seguridade encargadas do control da fronteira.

A Asociación Cultural de Vigo convocou para o día 20 daquel mes de Nadal un gran acto de solidariedade cos nacionalistas vascos argallando o Festival da Nova Cantiga Ibérica, implicando a outras entidades culturais e mesmo a militantes de partidos e sindicatos na clandestinidade. Houbo que pedir permiso gubernativo como era preceptivo acompañando as letras do repertorio que se ía interpretar. A Coral da Universidade de Coimbra, cantautores de Voces Ceibes, Paco Ibañez e mesmo Luís Cilia (“sempre, sempre a mesma melodía/Salazar e a súa democracia”), que viñera a pé feito en avioneta desde o seu exilio parisino mercede ás xestións realizadas polo presidente do Centro Portugués, Eduardo de Sousa Calvet de Magalhaes, “o douto Calvet”. Ambos os dous membros do clandestino partido comunista portugués. O acto fora presentado por María Xosé Queizán no pavillón do Carme. O aforo ateigouse de xente chegada de distintas cidades galegas, que tiveran coñecemento

do “festival” pola publicidade que se fixeran nelas semanas antes.

A policía montou un operativo reforzado con efectivos chegados doutras provincias dirixido polo xefe da brigada da político-social, Waldo López Mazaira, “a pita de Pesqueiras”. A Policía Armada amosou a súa presenza con maneiras provocadoras e agresivas. Malia tal presión policial a xente coreou consignas antifranquistas e a condena do consello de guerra. Houbo momentos que aquel ambiente parecía que ía rebentar, pero púidose rematar o “festival” sen máis consecuencias que a solicitude de identificacións a algunhas persoas de recoñecida militancia política.

A Asociación Cultural de Vigo sempre sobranceou por ser unha plataforma na que o seu dinamismo deu pé á cristalización de moitas iniciativas de grande proxección na sociedade viguesa. De alí xorde a primeira cooperativa de consumo (COGALCO) que tanta repercusión e aceptación tivo nas clases populares co respaldo de milleiros de asociados que fixeron posible unha maneira de loitar contra o abuso dos prezos dos tradicionais intermediarios da comercialización de produtos de consumo. Aquela alternativa foi afogada polos monopolios da alimentación e a presión policial.

O teléfono da Asociación estaba permanente intervido; utilizabámolo unicamente para comunicacións intrascendentes. Era tan notoria a intervención policial das

comunicacións que mesmo chegabamos a ouvir a través do auriculares as voces dos que nos estaban axexando. A Asociación Cultural de Vigo era a gran preocupación da policía. A noite anterior ao 1º de maio de 1971 a Brigada Político-Social montou un operativo rebentando a porta da sede social e as dos outros centros relacionados connosco: Centro Portugués de Vigo, Alianza Francesa, Fundación Penzol, Grupo Cultural O Castro, Plastibar, S.L. e Gráficas Númen, negocios de Antón Bar Boo e Luís Noia, respectivamente, directivos da Asociación. Non atoparon o que buscaban. Foron tan “honrados” que non levaron diñeiro e obxectos de valor. Pero deixaron a súa indeleble pegada. Sabían que a Asociación Cultural de Vigo era un centro de formación e orientación galeguista para moita xente naqueles anos escuros. Por iso era a única plataforma cultural á que acudía unha representación de brigada político-social sempre que se celebraba algún acto público. Moita cultura galega deberon aprender ali aqueles anal-fabetos!.

Na mesa redonda que comentamos díxose, e con moito fundamento, que o descoñecemento que hai sobre a importancia que tivo aquela plataforma cultural habería que remedialo. Abofe que si. Queda todo por contar.



Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adequeiros

No libro titulado “Palabras da Terra. Galeguizar Galicia” editado en 2006, recóllense as opinións dun grupo de adequeiros que explican as razóns de etiquetaren os envases dos seus viños en lingua galega. Esther Teixeira, da Ribeira Sacra, díxoo así: “O viño é unha desas maravillosas creacións que emanan do bo entendemento entre o home e a terra. Eu quero facerme entender cada vez cun maior número de xente e, polo mesmo, desexo que a lingua de Galicia sexa a forma de expresión que nos recoñeza e nos proxecte no mundo”. Hoxe xa se etiquetan en galego moitos outros produtos de consumo.

Hoxe podemos atopar no mercado moitas marcas etiquetadas en galego, cun deseño atractivo no que campan textos de excelente calidade literaria. A min gústanme tanto que teño algunhas botellas que non quero descorchar pola orixinalidade dos textos

das súas etiquetas. Un bo relato sobre as cualidades dos viños outórgalle á marca que o leva unha singularidade que se agradece. García Sabell, o médico humanista que utilizou a lingua galega para escribir ensaios científicos, e que gustaba dos nosos augardentes, quedou engaiolado cando recibiu unha botella da colleita de Otero Pedraio á que o señor de Trasalba lle pegara un poema, quedou enfeitizado ao tempo que amolado “porque agora xa non se pode beber o augardente”.

A Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adequeiros – Foro E. Peinador, celebrará o próximo día 11, ás 12:00 horas, na igrexa da Madalena de Ribdavia un acto de transcendental importancia para a galeguización no que máis de vintecinco marcas comerciais pasarán a engrosar a ampla nómina das que xa fan parte da Irmandade que ten un dobre obxectivo: proxectar e prestixiar a lingua galega

nos mercados a onde cheguen eses produtos, e chamar aos galegos a fidelizaren o consumo ás marcas que se identifiquen co valor máis singular que ten a nosa cultura, a lingua galega.

Servidor, que é moi teimoso na defensa da alianza entre a economía e a lingua, tense dirixido a través deste medio en máis dunha ocasión aos sectores máis dinámicos na reivindicación da nosa identidade para

que reflexionen sobre a oportunidade de galeguizaren o seu consumo. Apoando os produtos galegos que pregoan as súas excelencias no noso idioma é a mellor arma para afortalar os nosos sectores produtivos e asegurarlle á lingua un futuro certo.

En certa ocasión escoiteille dicir ao escritor e pensador Manuel Vázquez Montalbán, de pais galegos da Pobra de San Xulián, capital do concello de Lánara, que “un pobo que non bebe o seu viño e non come o seu queixo, ten un grave problema de identidade”. Faltoulle facer referencia á lingua de orixe, porque naquel tempo non era obrigada a etiquetaxe.

Convido ao lector ou lectora a que lle bote unha pensada ao exposto. Galicia precisa de consumidores responsables e solidarios coas xentes que no medio rural manteñen en pé a ilusión de pervivencia dunha parte do país. A Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adequeiros – Foro E. Peinador, mediante campañas publicitarias periódicas anima á cidadanía á galeguización dos hábitos de consumo.



Por Manuel Estévez

Foncho, ex-vocalista das orquestras "Galicia Nova" e "Radio", continúa no grupo folk "Tarxa".

Nas Festas da Coca de Redondela, compartían palcos na vila dos Viaductos as orquestras, Sintonía e Radio.

Nun intre, Xosé Antonio, voz da orquesta de Varela, cantaba un tema que fixera famoso o inesquecible cantante de Ferrol, Andres do Barro "O tren"

Nese momento pasou por cima da vía que cruza a vila choqueira.

Unha anedocta de moitas que acontecen nas Festas de aquí ou acolá e diso sabe moito Ramón Oliveira Pérez, "Foncho" irmao de seis que tamen cantan. Él chegou a este mundo o día 9 de xaneiro de 1947, en Santo Tomé de Freijeiro, perto do Parque de Castrelos, comenzando no es-

pectáculo, bailando xotas e Muñeiras, en San Paio de Navia e mesmo cantando en Festas de Reis na que participaba tamen a súa irmán Isabel.

Na década dos sesenta, subiu por primeira vez o escenario coa orquesta Galicia Nova, compartillando a voz con Ana María Ubeira.

A presentación, no Baile de Nigrán con "Campanero Jerezano" e Pasodoble "Cante".

Salón "Estrella" en Salceda de Caselas; Baile do Ramón en Villar de Infesta, Redondela; Salón La Palma, Cangas do Morrazo; Monte Faro, Domaio; Leirado de Salvaterra de Miño outro Baile do Ramón; Baile de Ardán; Salón O Reke, O Carballiño; Paso Nivel, Porriño ou Tea en Ponteareas,

foron salas onde, foi collendo tablas como cantante, antes de trocar de formación.

A última actuación con Galicia Nova, foi na Festa da Soledad en Beirán, Matamá.

Convertíuse pronto en vocalista da Orquesta Radio de Vigo, baixo a dirección de Antonio Moreira Pérez, pianista da formación, moi coñecido aquí e alá, por compartillar oficio de perruqueiro na rua vaguesa de A Florida.

E si a última actuación coa Galicia Nova, na Festa da Soledad en Beirán (Matamá) o debut coa Radio, tivo lugar no baile de Ardán.

A finais dos anos setenta nas Festas da Florida despediuse da Radio.

Participou no Festival Novas Estrelas de Radio Vigo e foi integrante da Coral de Matamá durante dous anos, de 1974 a 1976. Vinte anos no Coro de Castrelos e sete coas Cantareiras do Berbés.

Hoxe, integrante de grupo Tarxa e van 28 anos. Paixón e arte, a deste muchacho



que vive a beira do Camiño da Seara, alí noutros días compartimos conversas musicais, incluídos algunhas deslocações o veciño Portugal que adora.

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

0 españolismo de "A por ellos"

Vaia por diante a miña falla de confianza a respecto das esquerdas españolas, que amosaron a súa radical inutilidade ao longo deste ano. Velaí a miña desconfianza de que cumpran a xeito os seus compromisos con Galicia, malia a boa xestión dos tempos e das súas estreitas oportunidades que ven de facer o BNG. Mais a coalición extremista das tres dereitas (nucleadas arredor de FAES e da Coroa) obrígame a lle dar a esta maioría (que non a este goberno) un voto temporal de confianza.

Por exclusión, certamente. Porque os

discursos dos líderes da dereita extremista (Casado, Abascal e Arrimadas) amosaron o peor desa coalición entre o capitalismo castizo de amiguetes (o do BOE, o do palco do Bernabeu, sempre refractario á libre competencia) e o que o profesor da USC Antón Losada, sempre acaído nas súas definicións, alcumou de patriotismo de puticlub. Como dixo aqueladamente Aitor Esteban (PNV) as dereitas extremistas españolas son como aquel home WASP (anglosaxón, branco e protestante) que manifestaba fronte ás minorías que USA era dos WASP e as minorías todas estaban de visita. Pois iso. Seica o Estado

é deles e os demais estamos de visita. Somos, pois, cidadáns e deputadas de terceira categoría. Para a tripla coalición da praza de Colón millóns somos malos españois e pertencemos á "cáscara amarga".

Fronte esta visión patrimonial, clasista e catastrofista da vida pública, as esquerdas españolas haberán decidir o que queren ser de maiores. Se seguen xogar a medioñentos progres que lle mercan a idea da España nación única ás dereitas ou se decatan de vez que sen o concurso do soberanismo galego, catalán, vasco ou canario non suman para afirmar e aprofundar as liberdades que este día negou o tripartito das dereitas.

Porque, ao longo da historia das nacións e pobos do Estado español, o progreso canto ao recoñecemento da plurinacionalidade

do Estado e do dereito ao autogoberno e á a libre decisión das súas distintas nacións foi sempre unido canda o progreso das liberdades e das políticas sociais.

Esta semana ábrese unha pequena xanela de oportunidade para que as esquerdas españolas, o progresismo territorial e máis os soberanismos galego, catalán e vasco poidan colaborar nun programa común para afondar nas liberdades e na democratización do Estado, pór a economía ao servizo das maiorías sociais e devolverlles ás nacións do Estado a capacidade real de autogobernarse e decidir o seu futuro.

Dende o fondo escepticismo deste desconfiado galego: vento nas velas....



NOVAS DE TURONIO
Boletín cultural do Área Metropolitana de Vigo

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

LOURINHA

O PORRIÑO

A Concelleira de Vías e Obras convoca as AAVV para recibir todas as peticións para bacheo, asfaltado e saneamento

A Concellería de Vías e Obras remite a partir desta semana unha convocatoria a todas as asociacións de veciños de todas as parroquias do concello para celebrar o vindeiro xoves 16, ás 20 horas, unha reunión no salón de plenos do Concello. A temática a abordar será que cada unha das AAVV manifesten as súas necesidades en materia de: bacheo, asfaltado e saneamento.

Na convocatoria ás asociacións de veciños que se cursará por correo electrónico, Lourdes Moure, concelleira de Vías e Obras indica que “Ademais dos puntos citados, quedamos abertos a calquera outra necesidade que poidades prantexar, para porlle solución o antes posible, abrindo unha canle de comunicación que espero se manteña no futuro”.

Na reunión convocada para o xoves



16, ademais da Concelleira de Vías e Obras, estarán presentes Pedro Pereira, Concelleiro de Infraestruturas; Rafa Alonso, enxeñeiro municipal e Miguel Feijóo, encargado municipal de Obras.

Lourdes Moure explicou que esta reunión con todas as asociacións de veciños do concello “era un compromiso que tiñamos adquirido coas parroquias para celebrar a primeiros deste ano e que nos servirá para priorizar as actuacións que palien as múltiples deficiencias que arrastra O Porriño, algunhas desde a época de Barros”.

Chega o novo material da Piscina

Durante esta semana chega novo material para a Piscina Municipal de O Porriño que permitirá renovar e ampliar o prexistente, dacordo as prioridades establecidas no Plan de Mellora de Suministros desta instalación deportiva que conta cun orzamento de 30.746 €. A partida subvencionase polo Plan Concellos 2019 da Deputación.

Na memoria explicativa que aportou o Concello para xustificar a solixitude da achega económica explicase que a Piscina Municipal inaugurada en 1.997 e cunha media de máis de 70.000 usos anuais necesitaba actuacións que palien as deficiencias que acumulou durante estes 32 anos en funcionamento.

Entre o material recibido figuran 87 táboas de natación grandes e medianas, 80 rulos, 48 cinturóns de aprendizaxe para adultos e infantís ou 24 mancuernas de



aquaerobic, entre outros.

Asimesmo, ademais do material deportivo para a instrucción, recibíuse tamén unha cadeira especial de rodas para uso da Piscina por persoas con discapacidades funcionais e un robot limpiafondos para a limpeza diaria do vaso. Asimesmo, dada a elevada afluencia de usuarios e a formación de socorristas, solicitouse e recibíuse un desfibrilador DESA.

Ainda falta acometer coa achega da Deputación, a substitución das portas de acceso ó recinto así como as portas dos vestiarios adaptados que presentan un notable deterioro.

OPINIÓN

Por Ramón Coira Luaces

Só temos de noso o idioma e a cultura

O pobo galego, verdadeiramente, só ten o seu idioma e a súa cultura. E, con frecuencia, até iso nos queren quitar (xa pecharon 74 bibliotecas na era Feixóo); como xa nos quitaron a nosa historia. Pois os reis galegos, chamados así polas fontes árabes, inglesas, francas, etc., por obra e graza de historiadores españoлисты como Menéndez y Pidal, pasaron a seren chamados nos libros de historia como “reis de Asturias e León”. Alí era onde residía a Corte, efectivamente, porén eles eran reis galegos e o galego-portugués era o idioma da Corte e das cantigas madievais. Se Galiza foi reino (oficialmente até 1833), por que non se lles chama tamén reis de Galiza? Porque non interesa POLITICAMENTE. A Historia oficial cóntana os vencedores. Galiza perdeu a súa historia e pasou de ser hexemónica a estar sometida e silenciada; pero

como isto é algo inxusto non hai que aceptalo nin resignarse, senón intentar poñerlle remedio.

Deciden por nós en Madrid en moitos asuntos que nos incumben directamente. A enerxía que producen os nosos encoros non é nosa nin nos deixa beneficios. As autoestradas tampouco son nosas: saquéannos por usalas, cando xa están máis que pagadas. A nosa mocidade emigra (máis de 200.000 desde 2008) porque aquí non ten futuro. En calquera paraxe natural pode instalarse unha minería contaminante, en contra

da opinión de veciñanza e ecoloxistas. Como dicía Castelao, “a nosa terra non é nosa”, Galiza non ten soberanía; somos dependentes. Por iso, o nacionalismo galego é imprescindible para Galiza, é fonte de vida e de esperanza para o país. O nacionalismo español, en cambio, é centralista (ás veces, incluso, ferozmente), busca afo-

garnos e manter os seus privilexios. Non queren a igualdade, nin respectar as nosas diferenzas, nin recoñeceren os nosos dereitos colectivos. Pero nós te-



mos que loitar por iso ou apoiar a quen o fai. As persoas galegas que militan nas forzas españolas poden ter un compromiso con Galiza -o que non é frecuente- pero este sempre está supeditado aos intereses do partido dirixido desde Madrid. Todas as nosas institucións propias están supeditadas a decisións políticas, xudiciais e lexislativas que se adopten en Madrid. De noso só temos o noso idioma e a nosa cultura. E, se nos descoidamos, até iso nos queren quitar. Algúns e algunhas xa o intentan...



O PORRIÑO

O velódromo municipal de O Porriño escenario da loita polas medallas de campións galegos de ciclocrós

O domingo 29 de decembro o velódromo municipal de O Porriño volveu latir a ritmo de pedalada. Esta vez o Campionato Galego de Ciclocrós disputouse no concello de O Porriño de mans da Asociación Deportiva Avanza. Baixo unha xélida mañá onde a unha temperatura de cero grados, os máis pequenos arrancaban unha xornada de espectáculo cun velódromo que presentaba un circuíto exigente que agradou tanto os amantes do barro coma os amantes da velocidade.

A asociación deportiva Avanza poñía peche a unha xornada de duro traballo na organización do evento con catro medallas entre os integrantes da Asociación. Onde a ponteareá Uxía Soto conseguía subir o máis



alto do podio proclamándose campiona galega de ciclocrós na categoría cadete femina seguida da porriñesa Laura Mira integrante do club ciclista Redondela, na categoría cadete masculino Iván Fernández e Andre Martínez conseguían subir o segundo e terceiro posto de

podio. Na categoría máster 40 Xacob Agra o corredor do club Master da Louríña e membro dirección deportiva da escola de ciclismo Avanza acadaba a segunda posición, e na categoría Elite o director deportivo da escola de ciclismo conseguía a medalla de prata.

Ourense pon o peche final a Copa de Galicia de ciclocross

A provincia de Ourense poñía peche a copa Galicia de Ciclocross, o disputarse as dúas últimas probas do calendario. Probas aprazadas por culpa dos temporais de auga e vento que azoutaron Galicia en decembro, o que levou a que se disputara o Campionato Galego de Ciclocross sen haber rematado a Copa Galicia.

O sábado os bikers desprazáronse ata Verín para disputar unha das probas, onde o circuíto que aínda se estaba recuperando das enchentes do Río Tamega do pasado decembro. Nesta xornada os integrantes da A.D. Avanza conseguiron estar presente es tres postos de podio. O primeiro podio chegaba da man de André Martínez que conseguía finalizar en terceira posición na categoría Cadete. Xa en Cadete Feminino Uxía Soto que viña de proclamarse campeona galega facía escasamente

unha semana se tivo que conformar coa segunda posición e na categoría Sub 23 Óscar Fernández rematada terceiro.

Na xornada do domingo os bikers desprazáronse ata o concello de Maceda, onde nas inmediacións do Castelo da vila presentaba un circuíto moi exigente fisicamente para os participantes, os cales viviron unha xornada de dobre reparto de trofeos xa que xunto os dos gañadores da proba entregáronse os da clasificación xeral da Copa Galicia de Ciclocross.

Na xornada do domingo os integrantes da A.D. Avanza conseguían estar presentes en dous postos de podio, Andre Martínez repetía coa terceira posición na categoría Cadete e Uxía Soto conseguía subir o máis alto do Podio na categoría Cadete Fem.

Os integrantes da Asociación deportiva Avanza tamén conseguiron estar presentes no

medalleiro da Copa Galicia de Ciclocross. Na categoría Elite Luís Fernández Oliveira "Oli" conseguía a medalla de Bronce, na categoría Sub23 o corredor óscar Fernández conseguía a medalla de prata o decidirse esta nas clasificacións dos podios de todo o calendario da copa o haber rematado empatado a puntos co corredor do CPC. Toxo, na categoría Junior no corredor David Fernández conseguía a medalla de bronce, Na categoría cadete Andre Martínez conseguía levar o nome de ADA Avanza o máis alto do Podio o levarse o ouro da categoría e na categoría cadete feminino Uxía conseguía a prata, poñendo peche a tempada 2019 sendo campiona Galega e Subcampiona da Copa Galicia, sen esquecer os terceiro posto asinado na proba da copa de España disputada en Pontevedra.

Pleno de cinco minutos

Apenas cinco minutos durou a sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 18 de decembro á noite pola corporación municipal de O Porriño. Nese intre a alcaldesa Eva Garcia tivo tempo para disculparse publicamente co voceiro municipal do PP polo acontecido no anterior pleno da corporación. E ademais, debatiuse e votouse o único asunto da orde do día.

De tal xeito que a corporación municipal acordou desestimar as alegacións presentadas contra o expediente de crédito extraordinario 4/2019. As alegacións pro-

cedían de Urbano González, cuñado do anterior alcalde do PP, Nelson Santos. Pero desestimáronse por unanimidade dos presentes (16 concelleiros por que faltou Manuel Carrera). É dicir, o PP tamén votou contra ditas alegacións.

A continuación votouse a aprobación definitiva do crédito citado que respaldaron PSOE, EU SON y BNG con 8 votos nammentres o PP abstívose o que permite aboar a empresa "Eulen" unha débeda de 470.000 € polo servizo da piscina municipal, reclamanda a través de sentenza xudicial.

A alcaldesa absoluta por segunda vez polo caso xerado como avogada

Eva García de la Torre coñeceu a sentenza que a absolve por segunda vez dun suposto delito de falsificación de documentos públicos no eido da súa profesión como abogada, en todo caso anterior a súa etapa actual como alcaldesa de O Porriño.

Declarouse "tranquila e aliviada" polo fallo xudicial "despois de atravesar uns meses moi complicados pola utilización ilexítima dun asunto profesional no eido da política para tacharme de cousas inculcables".

A sentenza "deixa claro que

non cometin ningún feito punible de xeito que agardo que esta segunda absolución remate co ataque persoal do que foi vítima", declarou.

A alcaldesa de O Porriño agarda que o seu caso sirva de exemplo de que "non todo vale para intentar cargarse a carreira política de alguén".

A sentenza procede do Xuzgado do Penal nº 1 de Pontevedra, na mesma instancia que xuzgara os feitos e xa tivera dictada unha primeira absolución que agora reiterou.

Porriño participou nas III Xornadas das Cidades Amigas da Infancia en Galicia

Alumn@s de centros escolares de O Porriño participaron en Boqueixón, nas III Xornadas Formativas das Cidades Amigas da Infancia en Galicia.

A comitiva de nen@s de O Porriño acudiu acompañados de Noelia de la Fuente, responsable da OMIX do Concello.

A sesión foi inaugurada por Fabiola García, Conselleira de Política Social; Alfonso Villares. Vicepresidente primeiro da FEGAMP e alcalde do Concello de Cervo, e

Myriam Garabito, Presidenta de UNICEF Comité Galicia.

A representación da infancia porriñesa entrevistou, primeiramente, nun encontro coa Conselleira para expoñer as súas propostas para loitar contra a pobreza.

Despois a delegación de nen@s de Porriño interviron nun coloquio sobre "Experiencias en participación nos concellos galegos" xunto cos representantes de outras cidades declaradas "Amigas da Infancia". que pechou as Xornadas.

LOURINHA

O PORRIÑO

A nai do mozo atropelado na rúa Ramirás agradeceu o traballo da policía local que esclareceu o caso

Yerai, o mozo atropelado por un conductor que fuxiu e puido ser localizado pola Policía Local de O Porriño, evoluciona favorablemente dos múltiples traumatismos aínda que permanecerá ingresado no Hospital Alvaro Cunqueiro. Elena, a súa nai, acudiu ó Concello a agradecer persoalmente a investigación realizada pola Policía Local que permitiu o esclarecemento do caso que agora xa está en mans do Xuzgado.

Lourdes Moure, concelleira de Seguridade e Dani Rodríguez, Inspector Xefe da Policía Local recibiron a Elena que lles comentou que o seu rapaz, de tan só 20 anos, “puido vencer os piores pronósticos iniciais que apuntaban a que podería quedar para sempre nunha cadeira de



rodas”. Grazas a súa fortaleza física o rapaz está presentar unha notable melloría “aínda que restanlle meses de convalecencia e recuperación” segundo explicou a súa nai. De feito, Yerai que é orixinario de Donosti, será trasladado en ambulancia cando os médicos do Cunqueiro

o autoricen para continuar o seu tratamento en Guipuzkoa onde reside a súa nai.

Elena agradeceu tanto á Concelleira coma ó Inspector Xefe a sensibilidade amosada para con ela xa que estivo informada permanentemente da evolución das investigacións.

Alcaldesa e concelleiro visitan os cursos de formación



Eva García de la Torre acompañada de David Alonso, concelleiro de Servizos Sociais, visitaron nas instalacións do Multisusos de Torneiros os cursos de formación para obtención de emprego que imparte gratuitamente o Concello do Porriño. Son cincuenta persoas as que se inscribiron e participaron na súa formación ata o día 27 de decembro.

Nas aulas de “Porremprego” impartense cursos de manipulador de alimentos; monitor de comedor escolar; monitor de ludoteca; prevención de riscos laborais; excel avanzado; condución de carretilla elevadora frontal e conductor de carretilla elevadora retráctil. Todos eles foron elixidos en función da súa saída, xa que son ocupacións que se demandan no mercado laboral.

Derradeira quenda do curso de condución segura

Vinte porriñeses e porriñesas tomaron parte o pasado día 28 na derradeira quenda do curso “Conduce con xeito” promovido pola Concelleira de Seguridade e organizado pola Policía Local para adestrar ós participantes en técnicas de condución segura en situacións de risco.

As clases teóricas foron no Multisusos de Torneiros e as prácticas, nun circuito pechado habilitado no Polígono Industrial

de A Granxa.

Nesta última quenda participou como monitor José Pintor, campión de España de Rallys en 2017, como copiloto de Ivan Ares que tamén ten participado en datas anteriores deste curso.

O curso “Conduce con xeito” celebrouse desde outubro e contou coa participa-



ción de 200 veciños e veciñas do concello.

Cambio de lámpadas nos pavillóns e piscina

Procedeuse a cambiar as lámpadas das luminarias tanto dos dous pavillóns do Polideportivo como da Piscina Municipais.

Son en total 60 luminarias nas que se instalan lámpadas LED de mellor eficiencia ener-

xética e menor contaminación lumínica. A actuación que desenvolve a Concelleira de Deportes execútase por un valor de 15.000 € con cargo a unha paetida do Plan Concellos 2019 da Deputación Provincial.



Entregados os premios do sorteo do Pinchorriño



Na sede de “ACIPOR” tivo lugar a entrega dos premios ós gañadores do sorteo realizado entre os 17.000 boletíns das persoas que participaron na recente edición do “Pinchorriño 2019”.

Os catro cheques compra por valor de 100 € cada un, corresponderon a María Luz Piedrahita, Jesús Martínez Vázquez e Mari Paz Acuña Lorenzo (os tres veciños de Porriño) e Pelayo Alonso Rodríguez, de Mos. Os catro cheques son valederos ata o 17 de xaneiro e poden empregarse en compras no comercio local asociado a “ACIPOR” ou en calquera dos 36 establecementos

de hostalaría que participaron no “Pinchorriño 2019”.

O premio de maior valor, unha cesta con produtos gourmet doada polo establecemento “El Ultramarino” valorada en 150 € foi gañada por Andrea Pazos Gándara, veciña de Salvaterra do Miño.

O “Pinchorriño” que ven de cumprir a decimocuarta edición pechouse cun “balazo moi positivo con ó redor de 70.000 tapas vendidas durante os cinco fins de semana de novembro” segundo valoraron Sergio Casal, concelleiro de Comercio e a asociación patronal “ACIPOR”, organizadora do evento.

O PORRIÑO

Pontellas ganou o Concurso de Rondallas “Concello do Porriño”



A Asociación Cultural Musical de Pontellas cunha valoración de 54,75 puntos gañou o II Concurso de Rondallas Concello do Porriño nunha reñida disputa coas agrupacións de Mos que acadou 53 puntos e de Atios que recibiu unha valoración de 50 puntos.

Os premios do concurso eran de 1.500 euros, para a primeira rondalla; 1.000 euros, para a segunda e 500 euros, para a terceira. Ademais a rondalla gañadora terá que actuar un día a convir co Concello durante as festas de Nadal de 2020/2021 nas rúas do Porriño.

Neste II Concurso tomaron parte sete rondallas procedentes

de Vigo, Tui, Mos e Porriño.

Foron as seguintes e actuaron por esta orde: Rondalla do Centro Cultural de Torroso, Rondalla Círculo Santa Eulalia de Mos, Rondalla Mosteiro de Tui, Rondalla do CSCR de Beade, Rondalla Helios de Bembrive, Rondalla da Asociación Recreativa Santa Eulalia de Atios e Rondalla da Asociación Cultural Musical de Pontellas

O Pavillón 1 do Polideportivo Municipal de Deportes estivo ateigado con todas as localidades dispoñibles ocupadas (1.168 prazas). Namentres o Pavillón 2 destinouse ós compoñentes das rondallas para que poideran seguir as actuacións das diferentes agrupa-

cións a través dunha pantalla xigante.

Debido a que este ano decidiuse pola Concellería de Cultura que houbera aforo limitado para presenciar o Concurso de Rondallas para garantir a seguridade, o Concello contratou cunha empresa a retransmisión por “streaming” do certame que seguiron a través dunha canle de “Youtube” e a través da páxina web do departamento de Cultura do Concello. Segundo datos provisionais, 2087 persoas seguiron a retransmisión, das que ó redor de 400 o fixeron a través do visor que se habilitou na web ecultura.net do departamento de Culutra do Concello.

Adxudicado o Servizo de Axuda ao fogar á empresa Sociser Galicia

O derradeiro pleno municipal da corporación de O Porriño en 2019 aprobou por unanimidade boa parte dos asuntos que configuraron a orde do día. Entre eles, o máis sobranceiro foi a adxudicación definitiva á empresa “Sociser Galicia” do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

Tratase dun contrato por dous anos -prorrogable- que conta cun orzamento de 1,9 millóns de euros, segundo explicou o concelleiro de Servizos Sociais, David Alonso.

Na sesión, de carácter ordinario, tamén aprobaronse por unanimidade varias altas no inventario municipal de camiños en Budiño ou en Pontellas así como a prórroga da concesión de supermercado na Praza de Abastos que ven ocupándose desde 2011.

Tamén aprobaronse por maioría, agás as abstencións dos 2 concelleiros de EU Son, as bases para arrendamento de parcelas municipais para explotacións mineiras en Atios así como nos montes Carrascal, Laxedo, Cerola e Faro, entre outros.



No debate destes asuntos, o voceiro de EU Son cuestionou ó goberno municipal sobre o estado de cobro dos canons por parte das empresas mineiras. Pedro Pereira, concelleiro de Urbanismo respostou que en breve o Concello artellará procedementos xurídicos para a reclamación de débedas ós adxudicatarios que non estean ó día nos seus pagos.

A unanimidade rachouse en algúns outros asuntos como a moción presentada por EU Son para demandar da corporación municipal un acordo en contra do proxecto de universidade privada que promove ABanca. A moción foi derrotada polos 8 votos en contra do PP e 5 abstencións (PSOE e Manuel Carrera).



LOURINHA

SALCEDA DE CASELAS

Salceda afectará en Pleno os antigos colexios para poder darlle novos usos

O Equipo de Goberno de Salceda levou ao Pleno ordinario do mes de decembro a proposta de afectación das antigas escolas de Revolta, Budiño, Picoña e San Xurxo para destinalas a usos sociocomunitarios unha vez que todas elas obtiveron o visto bo da Xunta de Galicia para desafectalas do uso educativo.

No caso da antiga escola de Vendanova, na parroquia de San Xurxo, o edificio está xa en fase de rehabilitación para ser destinado a centro de actividades para persoas afectadas por enfermidades neurodexenerativas, en coordinación con AFAGA que traballa actualmente con este colectivo no Centro Social da Devesa.

O obxectivo do Equipo de Goberno (MS e PSOE) é poder destinar estes edificios a diferentes usos sociocomunitarios que se irán definindo en contacto coa veciñanza e os colectivos



de cada una das parroquias, tendo en conta as diferentes necesidades ou propostas que poidan presentarse. As dúas forzas políticas que forman o goberno de Salceda recollían nos seus respectivos programas electorais propostas semellantes para este tipo de edificacións, polo que o libro de ruta se está a levar a cabo de xeito conxunto coincidindo na maioría das propostas.

Verónica Tourón, Concelleira de Urbanismo: “temos uns edificios educativos en desuso que constitúen unha excelente oportunidade para destinar a actividades sociais e favorecer así a numerosos colectivos que poidan facer uso dos mesmos”.

O barrio da Bouzavedra completará a súa rede de saneamento

O comité directivo do Consorcio do Louro, no que participa a alcaldesa de Salceda, Loli Castiñeira, ven de aprobar por unanimidade o proxecto de ampliación da rede de saneamento de Bouzavedra, na parroquia de San Xurxo, que lle vai permitir a unha vintena de casas contar con este servizo esencial.

Prevese a construción dun colector de 760 metros de lonxitude que funcionará mediante un sistema de bombeo, conectado á rede existente actualmente na zona, e que se realizará na súa totalidade a través de terreos de titularidade pública. O proxecto, que conta cun orzamento de 208.767,02 €, ten un prazo de execución de 6 meses a partires da adxudicación do contrato, e será executada cos fondos do Consorcio de Augas do Louro dentro do libro de ruta para a construción de novos tramos de saneamento nos catro Concellos (Salceda, Mos, Porriño e Tui).

O proxecto supón un novo paso na consecución do saneamento integral de Salceda, aínda que lembran dende o Concello que a



día de hoxe a Xunta segue sen executar os proxectos de saneamento das parroquias de Soutelo e Entenza, despois de que devolvesen os fondos europeos por non poñer o 20% que lle correspondía á Xunta.

Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda, amosou a súa satisfacción pola aprobación dun proxecto polo que se levaba moito tempo agardando e que por fin se fai realidade, poñendo a tódolos veciños e veciñas do barrio de Bouzavedra en igualdade de condicións, pois ata o de agora só a metade alta do barrio contaba con este servizo. A alcaldesa manifestou así mesmo o seu desexo de que o proxecto se poida levar a cabo no menor prazo de tempo posible, polo que insta ao Consorcio do Louro a realizar os trámites de licitación canto antes.



Bo Nadal e feliz ano novo 2020!

Querido veciño, querida veciña:

É para min unha grande ledicia compartir contigo este meu primeiro Nadal como a túa Alcaldesa. Tócame nesta ocasión representar un goberno con paixón por Salceda, que iniciou en xuño unha nova etapa de presente e futuro, onde o verdadeiramente importante es ti. Entre todos e todas estamos a facer unha Salceda mellor; a Gran Salceda que conforman A Picoña, Budiño, Entenza, Parderrubias, San Xurxo, Santa María e Soutelo: unha gran familia.

Entre todas e todos, con unión, imos seguir a desenvolver unha Salceda sensible, solidaria e de benestar; a Salceda que queremos e da que me sinto orgullosa, unha Salceda xove pero que conta e sempre contará coa experiencia e o consello das nosas persoas maiores, cheas de sabiduría e bos consellos.

Non quero esquecerme das vítimas de violencia, nin de aquelas persoas que vaian a pasar estas festas en soidade, ou aquelas que perderon hai pouco a un ser querido. Para vós vai, se cadra con máis forza, a miña man e o meu agarimo nestes días e o meu apoio incondicional.

Sempre Salceda e sempre contigo.

A vosa Alcaldesa, Loli Castiñeira



Concello de
Salceda de Caselas

Salceda estrea plan de igualdade co novo ano

O Concello de Salceda de Caselas ven de aprobar por unanimidade da corporación municipal o II Plan Municipal para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes. A redacción do Plan correu a cargo de Laura Seara, quen foi directora do Instituto da Muller e Secretaria de Estado de Igualdade, ademais de deputada do Parlamento Galego durante os anos de 2001 a 2009, polo que se parte con un amplo coñecemento sobre a materia que sen dúbida é garante dos mellores resultados.

O Plan repártese en dous grandes apartados: por una banda recóllense medidas para aplicar nos diferentes ámbitos da sociedade salcedense (ensino, ur-

banismo, cultura, deporte, emprego, etc), e por outra banda recóllense medidas para aplicar no propio Concello, e que farán referencia tanto á plantilla municipal e á propia corporación municipal, como ao traballo que se realice dende a administración local. Esta é a principal novidade do Plan, xa que Salceda convértese nun dos poucos concellos galegos, xunto con Coruña e Betanzos, que realizan a diagnose e propostas de actuación internas, aplicadas á propia organización municipal.

Así, para a elaboración, realizouse unha diagnose certa sobre a situación das mulleres do Concello que permitirá, a través de diversas ferramentas partici-

pativas, acertar con ditas propostas de actuación. O plan realízase coas aportacións de representantes do tecido asociativo e educativo do Concello, así como das diferentes forzas políticas con representación no Concello.

Seguindo o principio de participación, unha das medidas principais do Plan é a Creación do Consello Municipal das Mulleres, con intención de que sexa un referente da participación local e un referente participativo de Galicia en materia de igualdade municipal. O Consello tomará decisións en materia de igualdade, velará polo asociacionismo de mulleres, elevará propostas e iniciativas ao Concello e outras administracións, garantirá a pari-



dade, coelaborará informes e estará composto pola sociedade civil, a través de asociacións e persoas expertas, e polas persoas con responsabilidade política e técnica da administración local. Actuará como interlocutor ante o Concello e ante calquera institución para o desenvolvemento das políticas de igualdade e contra a violencia de xénero.

Todo o Equipo de Goberno é consciente dos avances experimentados nas últimas décadas ao mesmo tempo que percibe in-

menos obstáculos que aínda hoxe persisten e que impiden a participación e o acceso das mulleres á vida económica, social, laboral, cultural, educativa e política.

Co pulo a este II Plan Municipal de Igualdade o Equipo de Goberno de Salceda fai público o seu compromiso político para erradicar todas as formas de discriminación e violencia co fin de acadar unha sociedade igualitaria, na que mulleres e homes disfruten das mesmas oportunidades para desenvolver as súas vidas.

O BNG levou ao Parlamento as irregularidades da modificación do PXOM

O BNG trasladou ao Parlamento Galego, o 18 de decembro, a loita para frear a modificación puntual do PXOM de Mos coa que se pretende legalizar a construción dunha cidade deportiva e un centro comercial nos montes de Pereiras e Tameiga. O Grupo Parlamentar do BNG rexistrou varias preguntas dirixidas á Xunta de Galiza sobre o procedemento seguido para aprobar este documento, que é cualificado no escrito asinado polas deputadas e deputados nacionalistas coma “un exemplo de libro de desvío de poder e uso das institucións para favorecer o interese privado sobre o público”.

O goberno de Feijóo debora xustificar no pleno a súa posición ante unha operación urbanística que ameaza con arrasar case un millón de metros cadrados de solo rústico, gran parte deles de protección forestal. Entre outras cuestións, a Xunta de Galicia debe aclarar se considera xustificada a declaración de utilidade pública para un proxecto privado que ten unha clara intencionalidade lucrativa.



Varios organismos administrativos espuxeron, nos últimos meses, as súas obxeccións ao proxecto. O Instituto de Estudos do Territorio constatou o impacto visual e paisaxístico e cuestionou a construción dunha área comercial; a Confederación Hidrográfica Miño-Sil amosou as súas dúbidas sobre a afección aos recursos hídricos e aos cursos de auga e a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia informou sobre a afección á rede viaria, concretamente á proposta de variante da autovía Vigo-O Porriño.

E estes son só algúns exemplos.

Mención aparte merecen as dúbidas en torno ao procedemento para a adquisición dos terreos. No documento aprobado polo PP no pleno do Concello de Mos fálase abertamente de expropiación, pero a propia Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo xa advertiu de que será preciso xustificar axeitadamente este procedemento, dado que o obxectivo da modificación puntual do PXOM é a implantación de usos e dotacións privadas.

O BNG lamenta a falta de ética do PP co banco do Colexio de Atín

O BNG de Mos vai remitir un escrito á Consellería de Educación para denunciar o uso partidista que Nidia Arévalo pretende facer dos centros educativos do concello. O último exemplo vivíuse esta mesma semana, a raíz dunha iniciativa da ANPA do Colexio de Atín, que propuxo crear un banco da amizade para fomentar a integración das meniñas e dos meniños. En resposta, a alcaldesa decidiu regalarlles o mesmo banco que ela empregara na campaña electoral sen preocuparse tan sequera por quitarlle a simboloxía do Partido Popular e organizou un acto propagandístico no centro para facer a entrega.

O portavoz do BNG no Concello, Gustavo Barcia, lamenta que o PP pretendara “obter descaradamente rédito político” dunha iniciativa da ANPA e denuncia “un novo intento de facer política aprofitándose da imaxe das crianzas”. A alcaldesa e a concelleira de Educación presentáronse no colexio para

sacar a foto cos escolares, distribuíla aos medios de comunicación e subíla ás redes sociais e á páxina web do Concello. Barcia lamenta que estas canles de comunicación institucionais foran utilizadas, máis unha vez, “coma unha ferramenta de propaganda ao servizo do PP pagada por toda a veciñanza”.

Recortes en Educación

O acontecido no Colexio de Atín pon de manifesto, segundo Barcia, “a falta de ética e escrúpulos de Nidia Arévalo, que amosa moi pouco respecto polas leis que protexen a imaxe dos menores de idade”. Por outra parte, o concelleiro nacionalista considera que esta situación é consecuencia tamén da precaria situación económica do Concello de Mos, “que non ten diñeiro nin tan sequera para mercar un banco para un colexio”. De cara ao próximo ano, goberno do PP reduciu en 5.000 euros a partida recollida no orzamento municipal para o mantemento das escolas, que pasará de 25.000 euros en 2019 a 20.000 en 2020.

LOURINHA

MOS

Rocío Blanco, Campioa Máster do Campionato Galego e da Copa de Galicia de Ciclocross

A ciclista mosense leva só 5 anos subida á bici e este foi o seu primeiro ano de competición

A ciclista mosense Rocío Blanco Carrera foi homenaxeada no Concello de Mos polos seus recentes títulos de Campioa Galega de Ciclocross Máster 2019 e da Copa Galicia de Ciclocross 2019 na categoría Máster-30. Blanco Carrera foi a protagonista dunha recepción na que estiveron presentes a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, o tenente alcalde, Camilo Augusto, a concelleira mosense de Deportes, Begoña Toucedo, e demais membros do goberno e da Corporación Municipal.

Rocío Blanco, de 38 anos, veciña mosense natural da parroquia de Guizán e residente en Torroso, ven de gañar, o pasado 29 de decembro, o Campionato Galego de Ciclocross 2019 Categoría Máster, que se celebrou no velódromo do Porriño. Esta mosense que leva tan só 5 anos practicando ciclismo, dos cales leva soamente 1 ano

en ciclocross e nunca competira ata o de agora, estréase nesta competición cun ouro no Campionato Galego.

A propia Rocío conta que antes de subirse á bicicleta corría trails de atletismo onde os seus compañeiros, tamén afeccionados á bici, animárona a sumarse a este deporte ao que non tardou moito en “engancharse”.

O mérito de Rocío non se queda en erixirse Campioa Galega nunha competición na que participaba por primeira vez. O desta mosense é todo un exemplo de esforzo e conciliación da vida familiar, laboral e deportiva. Blanco traballa a turnos nunha fábrica de caucho no Porriño e no seu tempo libre adícase a adestrar. Ademais é nai dunha nena de 15 anos que a acompaña a tódalas carreiras.

Os adestramentos desta mosense son dunha frecuencia de 3 ou 4 días por semana. A cada



adestramento adícalle unha hora.

Esta Campioa Galega nai, deportista e traballadora, corre no equipo ciclista Budiño Bike e, ademais de gañar o Campionato Galego de Ciclocross 2019 en Categoría Máster, ven de gañar tamén a Copa Galicia de Ciclocross

2019 en Categoría Máster-30. As dúas últimas carreiras desta competición disputounas os pasados días 4 e 5 de xaneiro. O sábado 4 correu en Verín e o domingo, día 5, en Maceda.

E non para Rocío, porque xa ten previsto participar, o vindeiro

sábado 11 de xaneiro, no Campionato de España de Ciclocross que se disputará en Pontevedra e, sobre os posibles resultados no mesmo, Blanco Carrera declara estar “á expectativa, posto que en carreira nunca se sabe o que pode pasar”.

Óptica mahen
mahen audiópraxia Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

Oia reforma e mellora a accesibilidade das Escolas de Loureza

O Concello de Oia vén de acometer as obras de reforma e mellora da accesibilidade do local das antigas Escolas de Loureza, unha actuación desenvolvida ao abeiro do Plan Concellos da Deputación.

As obras consistiron na unificación, nun só local, dos dous edificios de escolas existentes. Así, tiráronse paneis, reforzouse a estrutura e fixéronse unha serie de melloras como a instalación dunha nova rampla e escaleiras de acceso, a construción de aseos novos e a renovación das instalacións de fontanería, saneamento, ventilación e electricidade.

O importe das obras ascendeu a 48.356,42 euros, aos que hai que engadir a custo da redacción do proxecto. Ambas cantidades foron subvencionadas ao 100% pola Deputación.



Outras actuacións do Plan Concellos

Por outra banda, o Concello de Oia rematou outras tres actuacións en diversos puntos do municipio, todas elas subvencionadas ao 100% ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos.

Entre elas destaca o acondicionamento e rehabilitación do lavadoiro da Portela (Burgueira),

obras que supuxeron un importe de 33.550,69 euros. Tamén se executaron traballos de acondicionamento no acceso á fonte do Xardín (Viladesuso), cuxo firme era de terra, por valor de 25.432,93 euros.

Finalmente, investíronse 14.744 euros na finalización de instalación de leds en parte da parroquia de Mougás.

O Concello de Oia aproba a nova denominación de 173 camiños e estradas

O Concello de Oia vén de aprobar a nova denominación dun total de 173 camiños, estradas e prazas, unha medida adoptada co obxectivo de solucionar os problemas que presenta o padrón á hora de recoller a numeración e denominación dalgúns lugares do municipio.

Trátase dun total de 173 camiños e estradas, dos cales 22 corresponden á parroquia de Burgueira, 24 á de Loureza, 31 á de Mougás, 25 a Pedornes, 39 a Santa María de Oia e 32 a Viladesuso.

As novas designacións foron establecidas en diversas reunións coa veciñanza en tódalas parroquias, recuperando en moitos casos os nomes tradicionais dos lugares.

Como criterio de traballo adoptouse a decisión de designar camiños longos, co obxectivo de evitar un sinfín de nomes dis-



tintos que complicarían a aplicación do traballo ao padrón.

As novas denominacións aprobadas no pleno de novembro remitíranse ao INE, para actualizar o padrón cos novos enderezos durante o mes de xaneiro.

Así mesmo, estes novos enderezos serán notificados a todos os veciños e veciñas e, paralelamente a todo este proceso, irase colocando a correspondente sinalización en cada unha das vías.

O PP do Rosal pídelo á alcaldesa que asuma "a responsabilidade da súa eficiencia na xestión municipal"

O voceiro do grupo municipal do PP do Rosal, Fernando Domínguez, manifestou o seu malestar ante a "falsa realidade lanzada pola alcaldesa", Ánxela Fernández, sobre a situación económica do Concello desde a súa toma de posesión.

Segundo os populares, a rexedora nacionalista "bota excusas e cortinas de fume para xustificar a parálise e ineficiencia municipais na xestión municipal que vive o municipio dende o comezo deste mandato". E lembran a que consideran a frase máis pronunciada por ela e o seu equipo de goberno desde o pasado mes de xuño: "Non hai diñeiro".

"En lugar de asumir a responsabilidade polos seus incumprimentos, a pesar de ter maioría absoluta, Ánxela Fernández opta polo engano, culpando ao goberno anterior de non deixar contas



limpas e capaces. Algo que é totalmente falso", afirma Fernando Domínguez, "a alcaldesa miente aos veciños do Rosal". O voceiro dos populares recordoulle á rexedora que as cifras do anterior mandato "amosan que a economía municipal era completamente saudable e eficiente".

O portavoz dos populares ha lembra á rexedora que o Concello

do Rosal pechou a acta de arqueado do anterior mandato en 1.591.527,89 euros*, sen contar cun remanente de tesourería de ao redor de millón e medio de euros, e con débeda cero.

Para rematar a súa ineficacia atopámonos con que finaliza o ano e aínda non tiveron tempo de confeccionar os orzamentos do ano próximo.

Nais, pais e profesorado do Cra María Zambrano colaboran na remodelación da súa biblioteca

As nais, pais e o profesorado do CRA María Zambrano do Rosal traballaron xuntos para instalar o mobiliario das novas instalacións na biblioteca que o centro escolar ten na escola de Tabagón.

O CRA María Zambrano accedeu a unha axuda da fundación La Caixa para dotar de mobiliario e material escolar a unha aula multisensorial. Para a súa instalación foi preciso ampliar a biblioteca de Tabagón. O Concello fíxose cargo da ampliación e as obras leváronse a cabo durante o verán. A biblioteca do CRA é un espazo dinámico no que os nenos e nenas non só están en contacto cos libros senón que nela realízanse actividades como contacontos ou presenta-



cións, nas que participan tanto o alumnado como as súas familias. Froito desta implicación, e para poñer en marcha o novo espazo, nais, pais e persoal docente traballaron xuntos para montar e instalar o novo mobiliario. Deixaron todo preparado para a chegada do material da aula multisensorial, que fará realidade un proxecto que vai ampliar os usos e prestacións da biblioteca.

BAIXO MIÑO

TUI

O Concello de Tui vai acometer o próximo ano a humanización do primeiro tramo da rúa Colón cun investimento de 314 mil euros con cargo ao Plan Concellos de 2018. As obras contemplarán o ensanchamento de beirarrúas, pavimentado, colocación de mobiliario urbano e zonas verdes. Será a actuación de maior importe do Plan Concellos 2018.

O departamento de Contratación do Concello de Tui ten arestora en licitación as obras correspondentes ao Plan Concellos tanto de 2018 coma de 2019, que suporán un investimento de

En 2020 executarase a humanización do primeiro tramo da rúa Colón

millón e medio de euros no prazo dun ano, xa que todas deberán estar executadas e certificadas antes de novembro de 2020.

Corresponde á anualidade de 2018 a elaboración da Cartografía e a Rede Topográfica do Concello de Tui, a substitución da cuberta da nave municipal de maquinaria, a creación dunha zona recreativa no CEIP de Rebordáns, o arranxo das pistas de tenis de Areas, a

mellora dos vestiarios no vello pavillón municipal. Todas están arestora en licitación. Mentres está pendente de saír a licitación a reforma dun parque en Areas.

No que se refire as obras da anualidade de 2019 están en fase de contratación as obras de reforma do vestiario do persoal de obras na nave municipal, a mellora do pavimento no pavillón novo, o arranxo do saneamento das vi-

vendas públicas de Caldelas, a subsanación de deficiencias no Centro Municipal de Remo, a renovación de equipos da Radio Municipal e a mellora da cuberta en módulos do cemiterio municipal. Tamén do Plan Concellos 2019 está en tramitación a reforma do parque infantil da Gándara, en Guillarei, e o acondicionamento dun parque infantil nas Bornetas.

Corresponde tamén a 2019 o

Plan Deporemse da Deputación que, tras solucionar as baixas temerarias que se produciron na licitación, vén de ser adxudicado.

O goberno municipal está a traballar xa na definición dos proxectos que presentará á Deputación de Pontevedra para o seu financiamento ao abeiro do Plan Concellos 2020 cun importe aproximado de 800 mil euros.

Amais o goberno municipal trasladou á Deputación de Pontevedra a solicitude de humanización das estradas provinciais de Rebordáns e Ribadelouro, proxectos que están en estudo por parte do ente provincial.

Un cd solidario recadará fondos para os dous nenos que quedaron orfos na explosión de Paramos

Cuentos con moito conto" é o título do cd solidario que vén de editar o CRA Mestra Clara Torres de Tui con nove historia de OQO editora narradas en galego e castelán. Porase á venda ao prezo de 10€ e os fondos recadados serán para os dous nenos que quedaron orfos na explosión rexistrada o pasado ano en Paramos.

Actrices e actores foron os encargados de pórllle a voz a cada un dos nove relatos de OQO Editora recollidos no cd que conta co deseño da portada, edición e mestura de son de Brais Sousa. Así Ana Santos pon voz "A Figueira de

Pelostortos", César Cambeiro ao conto "Chocolata", Pepo Suevo a "Paco Papán", Dani Trillo é a voz de "Galiño pelado", Iria Acebedo le "La luna ladrona", Melania Cruz "La sopa quema" e Tito Asorey "No hace falta la voz". Amais Fer González pon voz a "A tartaruga que quería durmir" e Josito Porto le "Tam, Tim, Tom".

Na presentación o alcalde, Enrique Cabaleiro, indicou que este acto solidario pon en valor o traballo e o esforzo da comunidade magrebí na súa integración na cidade. Engadiu que este "traballo serve de lembranza aos dous nenos orfos de que non están

sos e nos teñen que sentir preto deles". Tanto o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, coma o concelleiro de Servizos Sociais, Ismael Diz, como Salvador García, presidente da Asociación de Afectados de Paramos e Guillarei, amosaron a súa gratitude ao CRA Mestra Clara Torres e a súa directora, Teresa Domínguez, por esta iniciativa solidario. O concelleiro de Servizos Sociais, Ismael Diz, lembrou coma con anterioridade editaran xa outro cd "Contos con moito conto".

Salvador García indicou que aínda que inicialmente a proposta era que os fondos fosen para este colectivo, dende a Asociación



suxeriron que puideran ser destinados aos dous nenos que quedaron orfos o 23 de maio de 2018. Hana Alamri, da familia que acolle as fin de semana a estes dous menores que se atopan tutelados pola Xunta.

Teresa Domínguez, director do CRA Mestra Clara Torres, explicou que tras máis de tres meses de traballo este proxecto sae agora

á venda, converténdose nun magnífico e solidario agasallo de Nadal. Pode adquirirse nas librerías tudenses Espazo Lector Nobel e Iris, e tamén noutros establecemento nos que figura o cartel anunciador do cd. Tivo palabras tamén de agradecemento para todos os que co seu gran de area fixeron realidade este traballo.

SAUDA ALCALDE DE TUI



Como Alcalde de Tui quero aproveitar a ocasión que me brinda este medio para dirixirme aos meus veciños e veciñas de Tui, agora neste momento no que acabamos de asistir ao final dun ano, o 2019, que foi sobor de todo, politicamente moi intenso, toda vez que no mes de maio pasado se celebraron eleccións municipais que deron lugar unha nova Corporación e aun novo Goberno Municipal. A primeira consecuencia e mais importantes de esa cita electoral foi a normalización da vida institucional, que se está plasmando no entendemento e o diálogo, algo que nos viñan demandando todos os tudenses, e outra a conformación dun novo goberno municipal que teño a honra de presidir, e cuio primeiro obxectivo foi e está sendo tamén a normaliza-

ción da xestión municipal, facendo fronte ás nosas responsabilidades e as propias demandas veciñais.

Encaramos un novo ano, o 2020, un ano que se presenta crucial para o futuro do noso concello, no que todos, Goberno e Corporación teremos que tomar decisións importantes, decisións na procura de levar adiante aqueles proxectos que nos colocarán na senda da modernización, da sustentabilidade, ano tamén no que taremos que afrontar importantes desafíos, sobor de todo no que respecta aos recursos financeiros, polo que o acertado ou non das nosa decisións repercutirá sen nunha dúbida no benestar dos nosos veciños e veciñas, pero teño a certeza de que conseguiremos, entre todos, superar as dificultades coas que nos atopamos e



CONCELLO DE TUI

que seremos capaces de superar todos os retos que nos propoñamos, porque si de algo podemos dar fe é de ese espírito de loita, sacrificio e solidariedade que sempre nos acompañou e identificou a sociedade tudense e que será o que nos permitirán conseguir os nosos obxectivos.

Só me queda deciros, que como voso Alcalde e en nome da Corporación a que represento, agradecervos a vosa implicación e **desexarvos os mellores desexos para o ano 2020.**

ENRIQUE CABALEIRO GONZÁLEZ,
Alcalde Presidente do Concello de Tui.

O PP de Tui reclama que Renfe manteña o servizo de venda presencial de billetes na estación de Guillarei

Desde o pasado 1 de xaneiro, por decisión da operadora RENFE, a estación de tren de Guillarei, así como as doutras localidades coma Redondela, Ortigueira, Burela, Sarria, Viveiro ou Ribadavia quedarán sen venda presencial de billetes. A intención da operadora ferroviaria é substituír este servizo por unha máquina expendedora, medida que os populares consideran unha complicación para os usuarios.

Por iso, o PP presentou unha moción no Pleno Municipal para conseguir que o Concello inste por todas as vías posibles á revocación da supresión da venda presencial de billetes en Guillarei, así como que reclame amais unha mellora da calidade dos servizos



ferroviarios no municipio, solicitando que o Tren Celta (Vigo – Porto) volva a ter unha parada na nosa cidade para servizos dos cidadáns, de visitantes e especialmente de peregrinos.

O 31 de decembro, víspera da suspensión do servizo, unha comitiva do grupo popular achegouse á estación de tren de Guillarei para manifestar a súa oposición á decisión tomada por RENFE.

Tomiño convértese en Mecenass da Casa de Rosalía

O Concello de Tomiño convértese en Mecenass da Casa de Rosalía de Castro, grande escritora galega, falecida no ano 1885.

A decisión, pola que o Concello doará 2.000 euros ao ano á fundación sen ánimo de lucro que sostén a casa-museo, situada na aldea da Matanza (Padrón. A Coruña), foi tomada durante o último pleno ordinario, celebrado o 26 de decembro.

Segundo a proposta da Alcaldía de colaboración coa Casa de Rosalía, esta institución, adicada ao coñecemento da figura e obra da escritora e a do seu marido, o historiador Manuel Murguía, non recibe financiamento regular que asegure o seu funcionamento anual nin o seu futuro. Por esta razón e para reafirmar a independencia cultural e económica e ao mesmo tempo toda Galiza

sinta a casa coma propia, o Concello colaborará a partir do ano que se inicia coa cantidade mencionada.

Dáse a circunstancia de que o Concello de Tomiño xa colaborou economicamente coa Casa de Rosalía en dúas oportunidades bastante lonxe no tempo: a primeira, no ano 1953, doando 500 pesetas, e a segunda, no 1971, cando apoiou a recuperación e o proceso de creación da Casa-Museo, cunha achega de 2.000 pesetas (uns 11.500 euros).

“Por estes motivos, propomos que o Concello de Tomiño se converta en Mecenass da Casa de Rosalía a través dunha colaboración económica anual, grazas á cal, tanto os escolares, coma as asociacións culturais do seu municipio, poidan ter visitas guiadas de balde”, reza a proposta.

Novo vehículo de emerxencias para o GES da Guarda

O Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) do concello da Guarda recibiu un novo camión tipo Bomba Rural Lixeira (BRL) que será empregado tanto para incendios urbanos coma forestais e diversas incidencias coma accidentes de circulación.

O novo vehículo de primeira saída, completamente equipado, está valorado en máis de 213.000 euros e completa o equipamento terrestre e acuático co que conta o servizo de emerxencias da Guarda e mellorar a eficacia ante calquera intervención.

Esta adquisición enmárcanse no proxecto de Asistencia Recíproca Interrexional en Emerxencias e Riscos Transfronteirizos ARIEM+, unha iniciativa de colaboración que lidera a Xunta co obxectivo de xestionar de forma conxunta os recursos para mellorar a atención e a coordinación das emerxencias nas zonas limítrofes con Portugal.

O Alcalde da Guarda e respon-



sable de Emerxencias do municipio destacou o gran labor que realiza o GES da Guarda no seu ámbito xeográfico de actuación, que abarca aos concellos da Guarda, O Rosal, Oia e Tomiño, cun total de 919 incidencias atendidas en 2018.

A formación dos 12 efectivos que forman parte do GES da Guarda é unha parte primordial para realizar unha atención adecuada no momento de incidencias reais, por

este motivo participan activamente ao longo do ano en actividades de formación e simulacros de emerxencias xunto con outros equipos de emerxencias como o helicóptero Pesca 1 do servizo de gardacostas e tamén realizan charlas e xornadas de emerxencias en diferentes centros educativos do Concello da Guarda, participación en eventos acuáticos coma travesías a nado, entre outros.

Desexos dos membros da Mancomunidade do Baixo Miño para o novo ano



Os Membros da Mancomunidade do Baixo Miño rematan o ano desexando ter unha reunión coa Consellería de Sanidade e que se atenda ás alegacións feitas respecto ó Transporte Público

Os membros da Mancomunidade do Baixo Miño, formada polos gobernos de Tui, Tomiño, O Rosal e A Guarda, reúnen-se antes de rematar o ano para tratar algúns temas importantes de cara ó ano que ven.

Entre eles, amosan a súa preocupación por dúas cuestións que consideran cruciais para a veciñanza: A situación da Sanidade e do Transporte Público na Comarca.

Desde xullo veñen solicitando unha cita coa Consellería de Sanidade na Xunta de Galicia para falar da súa situación.

Ata o momento nin tan sequera obtiveron unha resposta a esta solicitude.

No mes de agosto, por primeira vez na historia, xuntáronse os catro Concellos para facer as alegacións ao anteprojecto de transporte que sacou a Xunta e que deixaba á comarca nunha situación aínda máis deficitaria á actual.

Os catro Concellos tiveron a capacidade de realizar un plan das necesidades do transporte para os mesmos que presentaron conxuntamente na Xunta.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

A rúa Concepción Arenal convértese nunha referencia peonil e comercial no centro da Guarda



O deputado de Infraestruturas e Vías Provinciais, Gregorio Agís, e o alcalde da Guarda, visitaron os traballos de mellora da mobilidade da rúa Concepción Arenal, EP-3401, de acceso ao porto. As obras, froito dun convenio entre a Deputación e o Concello, foron adxudicadas á empresa “Obras, Reformas y Saneamientos S.L.” por un total de 1.171.888,13 euros, dos cales o ente provincial financiou un 78,53%. Ademais, para esta acción foron destinados 100.000 euros do Plan Concellos 2017.

Os traballos foron desenvolvidos en dous tramos: o primeiro, dende

o cruce coa rúa Enrique María Sesto ata o Hotel Convento de San Benito; o segundo, dende o cruce entre a PO-552 ata a rúa Enrique María Sesto. O alcalde da Guarda, Antonio Lomba, explicou: “esta vai ser unha ganancia para A Guarda. Onde antes había coches agora vai haber espazos para que a xente e os nenos disfruten”.

Así, os obxectivos principais destas actuacións eran mellorar as características monumentais e fortalecer a explotación como espazo público. “Creouse un espazo central realmente acorde ó tipo de zona urbana que é. Cremos que este tipo de actuacións son fun-

damentais para a seguridade cidadá e para o desenvolvemento económico destas zonas comerciais urbanas”, asegurou o deputado de Infraestruturas durante a visita.

Durante a actuación tamén se renovaron as instalacións de abastecemento, saneamento e alumeadado público e instalouse mobiliario público coa finalidade de aumentar a integración das persoas con mobilidade reducida e diminuír o impacto da pegada de carbono de cara á creación de cidades e comunidades sostibles, un dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) marcados pola ONU dentro da Axenda 2030.

O PSdeG presenta unha proposición non de lei en defensa do Centro de Saúde da Guarda



O deputado Socialista Julio Torrado desprazouse ata a Guarda para dar a coñecer a proposición non de lei en defensa do servizo de saúde pública de Galicia e do Centro de Saúde da Guarda que o PSdeG presentou á mesa do Parlamento. Representantes do Grupo Municipal Socialista informaron ao deputado e fixeron pública a problemática concreta que está a sufrir a sanidade pública na Guarda.

Dende Grupo Municipal Socialista manifestaron “total apoio aos traballadores e a todos os veciños e veciñas que están padecendo unha mala xestión da cobertura de prazas vacantes motivadas por baixas, vacacións e permisos”. Esta situación de falta de persoal sanitario levou a que cada xoves

moitos usuarios do Centro de Saúde acudan ás concentracións convocadas en defensa da sanidade pública.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentouse a proposición non de lei para o seu debate en Pleno na que se propón garantir a correcta e plena asistencia sanitaria en atención primaria para o concello da Guarda e a dotación dun novo equipo de profesionais para o PAC, que dá servizo a outros concellos lindantes e atender á solicitude de xuntanza co conselleiro de Sanidade dos representantes municipais dos concellos afectados no Baixo Miño, para aclarar a situación e ofrecer a información sobre as medidas que a Consellería considere necesarias neste escenario.



A GUARDA



A Guarda regula os criterios estéticos para a súa Fachada Atlántica

O Concello da Guarda ven de crear unha nova ordenanza estética, co obxecto de establecer criterios de actuación pormenorizados para tódalas edificacións que constitúen unha parte da fachada do paseo marítimo, co fin de evitar intervencións de reforma ou obra nova de carácter arbitrario e esteticamente indeseables.

Deste xeito A Guarda establece todos os criterios para manter a súa característica fachada atlántica cunha ordenanza que, unha vez publicada no BOP, permitirá outorgar licencias de obra neste espazo da vila, para que estas se realicen seguindo os parámetros marcados na nova ordenanza.

O obxectivo deste documento é establecer a tipoloxía de fachada, os materiais de acabado e cor de cuberta, o material de acabado e cor de fachada, o material e cor da carpintería exterior e varandas, o material e cor da ferraxería, as alturas má-

ximas de cornixa e as alturas máximas do cumio, entre outras especificacións.

Esta ordenanza será de aplicación para todos os soares integrados no ámbito do Estudo de detalle nº 1 delimitado polo PXOM, con independencia de que estean ou non edificados á súa entrada en vigor.

Esta regulación estética será de aplicación tanto para obra nova como para obras de renovación, rehabilitación ou reconstrución que afecten total ou parcialmente as fachadas ou cubertas das edificacións.

Calquera modificación ou renovación das características exteriores das edificacións requirirá cando menos unha memoria técnica redactada por técnico competente que xustifique o cumprimento da regulación estética definida no documento.

Trátase dunha normativa pioneira en Galicia que regula tódolos aspectos construtivos e estéticos para manter e mellorar, se cabe, unha das estampas

mais características e fotografadas da nosa Vila.

Este documento complementase coa nova ordenanza de terrazas, na actualidade, en fase de alegacións. Esta ordenanza permitirá mellorar, entre outras zonas, a estética das terrazas do paseo marítimo, dándolle unha imaxe máis moderna aos establecementos de restauración do porto.

Dende o Concello da Guarda se quere agradecer a todas as persoas que participaron para que esta nova ordenanza saíse adiante, aportando documentación, imaxes e redactando o proxecto coma: o persoal dos servizos técnicos de urbanismo do Concello da Guarda, Antonio Hernández Crespo, Hermelindo Martínez González e José María Álvarez Álvarez; colaboración do persoal de Plan de práctica laboral en Concellos da Deputación de Pontevedra, Hermitas Piñeiro Martínez e Alicia Rial González; José Antonio Uris Guisantes; Eva María Baz Cerqueira e Antón Ferreira.

Comunicado da Corporación en relación ao Centro de Saúde



Os portavoces dos grupos municipais do concello da Guarda, en representación da corporación municipal reuníronse este martes día 10 decembro para valorar a situación pola que está pasando o centro de saúde da localidade.

Na xuntanza acordaron trasladar, a opinión pública e aos responsables do SERGAS, a preocupación pola deficiente atención que se está prestando aos veciños e veciñas motivada, principalmente, pola falla de cobertura das prazas vacantes que se producen por vacacións, baixas e permisos. A vez queren mostrar o seu apoio aos profesionais que veñen sufrindo unha sobrecarga de traballo pola falta de previsión na cobertura destas vacantes.

O servizo de saúde pública na Guarda ven acarrexando deficiencias dende fai tempo que se están agravando nas últimas datas. Estes problemas fan que o servizo sexa máis precario aínda polo illamento que sofre A Guarda. Hai que lembrar que se tarda

case unha hora en chegar ao hospital de referencia en Vigo, debido, sobre todo, a mala comunicación por estrada entre A Guarda e Tui.

Hai que recordar tamén que no mes de xullo as alcaldesas e alcaldes do Baixo Miño xa solicitaron unha xuntanza co conselleiro para tratar os problemas sanitarios da comarca. A principal reivindicación naquela ocasión, por parte do concello da Guarda, era o reforzo do equipo médico do PAC de urxencias guardés, que atende, ademais da propia localidade, os concellos de Oia e O Rosal. Esta solicitude viña a sumarse, entre outras, a que se fixo dende o concello en maio do 2018, abalada por 2500 sinaturas de veciños e veciñas das tres localidades.

Dada esta situación, a corporación municipal esixe, á Consellería de Sanidade, unha solución urxente ao problema de atención aos enfermos que se está a producir no centro de saúde guardés.



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

Talleres
Guiller Motor



Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel/Fax 986 66 15 41



Seguimos ofrecéndoos
información interesante
na nosa WEB

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítenos

EIXOATLÁNTICO

DIARIAL GALICIA-PORTUGAL DA GALICIA

A vida de Juan Bautista Alonso foi o tema elixido para pechar as Barferencias 2019

O pasado 26 de decembro celebrouse a segunda Barferencia do ciclo finais 2019 ante máis de medio cento de persoas que acudiron á Cervexaría «La Bodega» da Guarda.

Despois da primeira Barferencia celebrada no mes de novembro e que versou sobre «María Vinyals, unha galega de armas tomar» e que correu a cargo de Silvia Cernadas, chegou a segunda deste ciclo e derradeira do ano 2019 na cal o historiador local J. Miguel Villa falou sobre «Juan Bautista Alonso Español (1801-1879). Recordando a este deputado á corte da Guarda no 140 aniversario do seu pasamento».

J. Miguel Villa fixo un repaso da vida e obra de Juan Bautista Alonso Español, un guardés nado na parroquia de San Lourenzo de Salcidos no ano 1879, que foi xurista, político, periodista e presidente do Consello do Estado, cursando estudos en Filosofía e Leis na Universidade de Salamanca.

Na década de 1830, momento no que se instala en Madrid, lle levaría a opinar sobre os máis



acuciantes problemas da España isabelina como redactor de famosos periódicos, destacando de maneira notable como xurista no foro madrileño, chegando a ser deputado polas circunscricións de Madrid no 1839, de Pontevedra entre 1841 e 1843 e de Lugo no 1843. En 1843 foi subsecretario de Gobernación sendo condecorado ese mesmo ano coa Cruz de Carlos III como premio aos seus servizos neste ministerio.

No regreso dos progresistas ao poder en 1854, Juan Bautista Alonso voltou a aparecer como deputado pola provincia de Pontevedra ante as Cortes constituintes, e xa retirado da vida pú-

blica, volveu a ser deputado ás Cortes, esta vez por Santiago de Compostela no 1865-1866.

Repitese coma parlamentario no 1872-1873, como senador pola provincia de Murcia, e exerceu de presidente interino do Consello do Estado, acadando a presidencia do mesmo durante a I República.

Ao remate desta barferencia houbo tamén unha quenda para intervencións do público onde todos aqueles que quixeron puideron facer preguntas ao conferenciante, rematando coa entrega de agasallos, realizados pola Asociación Avelaíña, para o conferenciante e para o establecemento onde se realizou esta barferencia.

Mancomunidade do Baixo Miño, membros do San Xerome e o Director Xeral de Política Social reúnen en Santiago



O 26 de decembro reunióronse na Consellería de Política Social co Director Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, Ildefonso de la Campa Montenegro, tres membros da directiva do Centro San Xerome Emiliani e os membros da Mancomunidade do Baixo Miño (Tui, Tomiño, O Rosal e A Guarda) representados polos Concelleiros de Benestar Ismael Diz e Cristina Martínez de Tui e Tomiño, respectivamente, Ánxela Fernández, alcaldesa do Rosal e Antonio Lomba,

alcalde da Guarda para tratar de solucionar a problemática do devandito Centro respecto á necesidade de dúas prazas no Centro de Adultos para a continuidade de dous usuarios. Os asistentes á reunión acordaron axilizar a eliminación da lista de agarda do Centro de Adultos do San Xerome.

Despois da reunión mantida co Director Xeral, desde a Mancomunidade agradecen o recibimento e a boa disposición e esperan que se resolva o antes posible esta situación.

Tomiño e Cerveira, orgullosos do recoñecemento internacional do seu traballo a prol da participación cidadá

Moi satisfeitos polo recoñecemento máis alá das nosas fronteiras do bo facer da Eurocidade Cerveira-Tomiño a prol da participación cidadá. Así se amosan os alcaldes de Tomiño e Cerveira, Sandra González e Fernando Nogueira, tras recibir en México un premio pola creación da figura das Valedoras da cidadanía transfronteiriça, un instrumento que non só favorece a participación cidadá en ambos os dous municipios, senón que tamén traballa para eliminar as fronteiras burocráticas que impiden a cooperación eficaz entre as cidadanías locais.

Recibir a mención especial como 'Boa práctica en participación ci-

dadá 2019' concedida polo Observatorio Internacional da Democracia Participativa (OIDP) "é unha gran satisfacción porque aínda que se trata dunha iniciativa local de dous municipios pequenos chamou a atención dunha organización tan importante a nivel mundial como o OIDP e sitúanos á altura de cidades como Burdeos, Metz, Medellín ou Bogotá", salienta Sandra González. Nos últimos anos soamente conseguiron este premio tres entidades españolas: o Cabildo de Tenerife en 2017, o Observatorio Vasco de Vivenda en 2016 e a cidade de Madrid en 2013.

Zara Pousa, por parte de Tomiño, e M^a Lurdes Cunha, por parte de Vila Nova de Cerveira, son as Va-

ledoras da cidadanía transfronteiriça, unha figura "experimental" coa que se procura garantir a defensa, protección e busca de dereitos e intereses particulares de todas as persoas residentes en Tomiño e Cerveira como cidadáns europeos transfronteirizos diante dos órganos e servizos municipais de ambos concellos.

Con este galardón o OIDP salienta o labor innovador destas dúas valedoras, que levan tempo traballando "para mellorar a mobilidade infantil transfronteiriça entre os dous concellos, o que permitiría beneficiarnos de ter dous sistemas educativos distintos, compartir actividades escolares e extraescolares sen a presenza dos



proxenitores dos nenos e nenas", recordou González. Precisamente por este motivo, no marco do programa B-Solutions, a Comisión Europea trasladou a un experto ata a Eurocidade para analizar os problemas de mobilidade de menores de idade entre ambos os dous municipios transfronteirizos e "estudar a fondo o modelo que implementemos para ver se se pode exportar a outros territorios fronteirizos europeos. É unha problemática moi estendida en Europa, pero que aquí fomos quen de sacalo á luz e de tratar de buscarlle solucións".

O obxectivo da distinción da OIDP é recoñecer as experiencias innovadoras que os gobernos locais desenvolvan no campo da democracia participativa. O Observatorio Internacional da Democracia Participativa (OIDP), nacido en 2001, é unha rede na que Tomiño se integrou en 2018 e na que participan máis de 800 cidades do mundo, entidades, organizacións e centros de investigación que queren coñecer, intercambiar e aplicar experiencias sobre democracia participativa no ámbito local para profundar na democracia no goberno das cidades.